

Orde, do 25 de agosto de 2023, pola que se establecen as bases que rexen os premios do programa Xuventude Crea e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS310Q)

O Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, especifica no seu anexo I.B.3.h que aquela asume as competencias de promoción e organización de actividades de animación sociocultural no ámbito artístico, artesanal, turístico e de aire libre, dirixidas aos sectores da mocidade, infancia, terceira idade e sectores marxinados.

O artigo 33 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as súas competencias a través da consellería competente en materia de xuventude, á que lle corresponden, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.

Pola súa parte, o artigo 9 da citada lei (xuventude, creatividade e espírito emprendedor) reflicte que a Xunta de Galicia fomentará o espírito emprendedor, potenciando entre a xuventude un sistema de actitudes e preocupacións do que formen parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza, o compromiso e a flexibilidade; e adoptará medidas e accións tendentes a que a xuventude encontre facilidades para a creación do seu propio posto de traballo, así como posta en marcha dos seus propios proxectos empresariais.

Segundo o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndelle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de mocidade, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.

A Consellería de Política Social e Xuventude, consciente da importancia que ten facilitar vías polas que poida manifestarse a inqueda artística individual e colectiva da xuventude galega, convoca unha serie de actividades que abranguen un amplo abano de manifestacións de carácter artístico e que constitúen o programa Xuventude Crea.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de subvencións; ao establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e a Lei 6/2022, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

RESOLVO:

CAPÍTULO I

Parte xeral

Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que rexen a concesión dos premios do programa Xuventude Crea e proceder a súa convocatoria para o ano 2023.
2. Cos premios do programa Xuventude Crea trátase de favorecer o traballo creativo da xuventude galega, coa finalidade de fomentar a actividade creadora, facilitar a súa promoción e a difusión da súa obra nas especialidades de artes plásticas, arte urbana, banda deseñada, cociña, creación de videoxogos, danza moderna, deseño de xoias, fotografía, moda, música, novela curta, poesía, teatro e videocreación.
3. O código de procedemento administrativo é o BS310Q.

Artigo 2. Convocatoria e especialidades

1. A Consellería de Política Social e Xuventude convoca estes premios para o ano 2023. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos previstos no artigo 20 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os premios do programa Xuventude Crea que se convocan inclúen as seguintes especialidades:

- a) Artes plásticas.
- b) Arte urbana.
- c) Banda deseñada.
- d) Cociña.
- e) Creación de videoxogos.
- f) Danza moderna.
- g) Deseño de xoias.
- h) Fotografía.
- i) Moda.
- j) Música.
- k) Novela curta.
- l) Poesía.
- ll) Teatro.
- m) Videocreación.

Artigo 3. Premios

1. Establécense os seguintes premios por cada unha das especialidades:

Un primeiro premio de 3.000 €.

Un segundo premio de 1.500 €.

Un terceiro premio de 1.000 €.

Un premio especial de 1.000 € para a modalidade de música clásica da especialidade de música.

Poderanse outorgar mencións de honra, que carecerán de dotación económica, nas diferentes especialidades, a aquelas obras que conseguiran chegar á fase final en relación ás especialidades que establezan a dita fase á que acceden as persoas concursantes finalistas seleccionadas e que coa avaliación da comisión de selección, acaden a suficiente calidade.

2. Cada participante non poderá recibir máis dun premio por especialidade, a excepción do premio especial da modalidade de música clásica que será compatible coa obtención de calquera dos outros premios da especialidade de música.

3. A dotación destes premios será complementada de acordo co disposto na parte específica de cada especialidade respecto das persoas participantes que sexan seleccionadas para a fase final.

4. As contías dos premios obxecto desta convocatoria serán as únicas e estarán suxeitas ás retencións correspondentes conforme á lexislación tributaria.

5. Segundo a calidade das obras poderían ser declarados desertos ou compartidos algúns dos premios. Neste último caso, a contía do premio repartirase de xeito directamente proporcional ao número de obras premiadas.

6. Entregarase un diploma acreditativo a todas as persoas premiadas.

7. A obtención dun premio económico neste programa suporá a incompatibilidade de presentar a obra premiada a outros certames.

Artigo 4. Orzamento

Para o financiamento destes premios e das axudas para o desenvolvemento da fase final das especialidades determinadas na parte específica desta orde, destínase un crédito de 93.050 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.313A.480.10 consignada na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Artigo 5. Persoas destinatarias e requisitos

1. Poderán solicitar a participación na obtención dos premios nas especialidades do Programa Xuventude Crea 2023 as persoas galegas ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2023 agás o establecido no capítulo II para cada especialidade.

2. Enténdese por profesional, aquela persoa que mantén unha relación contractual permanente ou ocasional con algunha empresa vinculada á especialidade concreta na que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que está dada de alta como autónoma nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

3. A participación será sempre a título individual, salvo no caso das especialidades de cociña, creación de videoxogos, danza moderna, música, teatro e videocreación.

Nestas especialidades poderán presentarse asociacións privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas ou grupos informais, nos que unha das persoas integrantes asumirá o papel de representante único/a do

grupo e con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, lle correspondan ao grupo e, en consecuencia, a todas as persoas que o forman.

4. Aquelas persoas que gañasen o primeiro premio dunha especialidade das convocadas na edición do ano anterior, non poderán participar na mesma especialidade na presente convocatoria.

5. Os requisitos establecidos neste artigo deberán cumprimentarse co disposto no capítulo II (parte específica).

Artigo 6. Obras

1. Cada participante poderá presentar unha obra por especialidade. Non se poderá participar coa mesma obra en distintas especialidades.

2. As obras presentadas non poderán, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) ter sido premiadas noutros certames ou concursos.

b) ter sido expostas ou publicadas en soporte papel ou en soporte dixital.

c) ter sido presentadas en anteriores edicións do programa Xuventude Crea.

d) ter sido beneficiarias de axudas económicas da administración autonómica para a súa realización.

3. As obras presentadas non poderán incluír contidos xenófobos ou de calquera outro tipo que atente contra a dignidade das persoas.

4. A Consellería de Política Social e Xuventude quedará eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente que en materia de propiedade intelectual puidesen incorrer as persoas participantes.

Artigo 7. Solicitud e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (anexo I).

A presentación electrónica será obrigatoria para as asociacións privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas e as persoas representantes delas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Os grupos informais e demais persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Os grupos informais presentarán unha única solicitude (anexo I) e deberán acompañala coa relación das persoas integrantes do grupo (anexo III), de acordo co previsto no artigo seguinte. As comunicacións

efectuaranse coa persoa que conste como representante único/a do grupo informal no dito anexo III, cos poderes segundo o establecido no artigo 5.3.

3. Só se permite presentar na mesma solicitude a participación para unha das especialidades. No caso de querer presentarse a varias, a persoa solicitante deberá efectuar unha solicitude para cada especialidade.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

5. Para poder optar aos premios do programa Xuventude Crea as persoas participantes deberán presentar a documentación establecida no artigo seguinte.

6. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria. Unicamente a Consellería de Política Social e Xuventude queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da interpretación destas bases, así como para decidir a suspensión dunha especialidade no caso de non acadarse unha participación mínima de catro obras.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) No caso de que calquera persoa participante, a título individual ou colectivo, sexa menor de idade precísase a autorización do pai/nai ou titor/a legal para participar nesta convocatoria, así como para calquera cuestión con ela relacionada.

b) A obra e a documentación que corresponda de acordo co disposto na parte específica para cada especialidade concreta. Esta documentación non pode levar ningún dato persoal.

Deberá presentarse separadamente a documentación relativa á obra, por un lado, e a propia obra, polo outro.

En todo caso, o soporte audiovisual que se envíe (memoria USB) deberá ter as óptimas condicións de visibilidade e gravado.

2. No caso de grupos informais, deberán achegar, ademais, a seguinte documentación:

a) Anexo II, para a comprobación de datos de terceiras persoas interesadas. Deberá presentarse un anexo II por cada unha das persoas integrantes do grupo.

b) Anexo III, no que constará a relación de persoas que compoñen o grupo e o poder de representación para unha das persoas integrantes.

3. No caso de asociacións privadas sen ánimo de lucro, deberán achegar a acreditación da persoa que, en nome e representación da entidade, asina a solicitude, mediante a correspondente documentación de apoderamento, resolución, mandato, certificado expedido polo secretario ou secretaria, ou acta, onde se determine a dita representación.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para as asociacións privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, en especial, as especialidades de creación de videoxogos, danza moderna, moda, música, teatro e videocreación, permitirase a presentación destes de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. Emenda das solicitudes

Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, o órgano instrutor requirirá á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación da notificación no Diario Oficial de Galicia, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fai, considerase desistida da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo de resolución, que será ditada nos termos do seu artigo 21.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán realizarse os ditos trámites de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

a) Documento acreditativo da identidade da persoa solicitante e dos membros do grupo, de ser o caso, consistente no número de identificación fiscal (NIF) no caso de persoas xurídicas e no documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (NIE) no caso de persoas físicas.

b) DNI/NIE da persoa representante, de ser o caso.

c) Datos de residencia con data de última variación do padrón da persoa solicitante e dos membros do grupo informal, de ser o caso.

d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social da persoa solicitante e dos membros do grupo informal, de ser o caso.

e) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma da persoa solicitante e dos membros do grupo informal de ser o caso.

f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) da persoa solicitante e dos membros do grupo informal, de ser o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán facer constar a súa oposición expresa no cadro habilitado para o efecto no anexo I (solicitud) e anexo II (en caso de grupos) e achegar os documentos correspondentes.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Instrución do procedemento

O órgano instrutor do procedemento será a Subdirección Xeral con competencias en materia de programas para a xuventude da Dirección Xeral competente en materia de xuventude. Unha vez completos os expedientes remitiraos á comisión de selección prevista no artigo seguinte para a valoración das obras de conformidade co disposto na parte específica para cada especialidade e unha vez emitido por este o informe previsto no artigo 14 elevará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver o procedemento.

Artigo 13. Comisión de selección

1. Para o exame e valoración das obras constituirase unha comisión de selección en cada especialidade designada para o efecto por resolución da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude, a proposta da persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude.

2. Cada comisión de selección estará integrada por:

a) Unha Presidencia: cargo que será exercido pola persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude ou pola persoa designada para que a substitúa.

b) Vogais: ata un máximo de cinco, todas estas persoas profesionais e expertos/as de recoñecido prestixio na especialidade concreta que se valore.

3. A Secretaría de cada Comisión de selección será asumida por unha persoa técnica da Consellería de Política Social e Xuventude, nomeada pola persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, así como a persoa que a supla, que participará con voz pero sen voto.

4. Na composición da comisión de selección procurarase acadar a presenza equilibrada de mulleres e homes.

5. Os nomes das persoas integrantes de cada unha das comisións de selección serán publicados na páxina web <http://xuventude.xunta.es>.

6. No caso de ausencia de calquera das persoas que compoñen a comisión de selección, ou da persoa que asuma a secretaría, serán substituídas, conforme aos mesmos criterios de elección recollidos neste artigo, polas persoas que designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.

7. A comisión, como órgano administrativo colexiado, rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 14. Valoración das obras

1. A comisión de selección para cada especialidade examinará e valorará as diferentes obras presentadas, que lles serán remitidas polo órgano instrutor de xeito anónimo empregando o pseudónimo que conste na solicitude, para o que aplicará un baremo de 0 a 10 puntos na valoración de cada un dos seguintes conceptos:

- a) Artes plásticas: valorarase a orixinalidade, a innovación, a presentación e a calidade da obra.
- b) Arte urbana: valorarase a orixinalidade, a dificultade de execución, o deseño, a estrutura e a calidade da obra.
- c) Banda deseñada: valorarase a técnica, a orixinalidade e as ilustracións (relación co texto, orixinalidade e calidade artística).
- d) Cociña: valorarase a presentación, a orixinalidade, a innovación, o emprego de produtos galegos de calidade e o sabor.
- e) Creación de videoxogos: valorarase a orixinalidade, a arte, a técnica, a audibilidade, a narrativa e o deseño de xogo e niveis.
- f) Danza moderna: valorarase a técnica, a dificultade, a orixinalidade, a musicalidade, a posta en escena e a coreografía.
- g) Deseño de xoias: valorarase a orixinalidade, a selección de materiais, terminacións e os acabados.
- h) Fotografía: valorarase a orixinalidade, a técnica, a presentación e calidade da obra.
- i) Moda: valorarase a orixinalidade, a experimentación formal nos deseños, a selección de tecidos, o colorido, os patróns, os volumes e as texturas.
- j) Música: valorarase a orixinalidade, a técnica, a dificultade, o ritmo, a voz ou voces en caso de habelas, a harmonía e a posta en escena.
- k) Novela curta: valorarase a orixinalidade, a técnica, a estrutura, o estilo, a corrección ortográfica e gramatical, a claridade e a calidade da obra.
- l) Poesía: valorarase a orixinalidade, o ritmo, o estilo, o uso de recursos estilísticos e literarios, a claridade e a calidade da obra.
- ll) Teatro: valorarase a orixinalidade, a interpretación, o dominio do espazo, a vestimenta e escenografía, o ritmo e a representación (expresión oral, expresión corporal, construción do/a personaxe).
- m) Videocreación: valorarase a orixinalidade, a eficacia comunicativa, a técnica e a calidade da obra.

2. A comisión de selección para cada especialidade emitirá un informe coa valoración de cada unha das obras presentadas, tendo en conta o disposto no artigo 6 e no número anterior deste artigo.

Naquelas especialidades nas que estea prevista unha fase final, a comisión de selección da especialidade emitirá, aplicando o mesmo baremo, un segundo informe despois desta fase, referido unicamente ás obras finalistas.

Artigo 15. Resolución e publicación

1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe de valoración da comisión de selección de cada especialidade, elevará ao órgano competente para resolver o procedemento: a proposta de resolución das obras finalistas naquelas especialidades nas que estea prevista unha fase final; a proposta de resolución das obras premiadas por cada especialidade; ou a proposta de declaración da especialidade como deserta se fora o caso.

2. O órgano competente para resolver será a Dirección Xeral competente en materia de xuventude, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

A resolución será notificada de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo máximo de cinco meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Esta publicación terá os efectos de notificación.

Será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, <http://xuventude.xunta.es>

3. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 16. Réxime de recursos

1. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditara no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

2. Así mesmo, ao abeiro do artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte á publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 17. Difusión das obras

1. A participación nesta convocatoria supón a autorización das persoas participantes, a favor da Consellería de Política Social e Xuventude dos dereitos de difusión das obras presentadas no marco deste programa, así como para montar exposicións e/ou para a exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

2. As obras das persoas participantes, deberán ser retiradas por elas ou pola persoa autorizada no lugar que determine a persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación coa decisión da persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude.

Transcorrido este prazo, as obras non retiradas quedarán á disposición da Dirección Xeral competente en materia de xuventude da Consellería de Política Social e Xuventude, entendéndose que as persoas autoras destas renuncian a todo tipo de dereito sobre elas, e poderá darlles o destino que estime oportuno.

Artigo 18. Obrigas das persoas seleccionadas para a fase final e das persoas premiadas

1. As persoas autoras das obras seleccionadas para a fase final e as persoas autoras das obras premiadas deberán subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude os arquivos de código fonte necesarios para que as obras finalistas e premiadas poidan ser publicadas total ou parcialmente no formato máis adecuado.

2. As persoas autoras das obras seleccionadas para a fase final nos termos dos artigos 24, 27, 33, 37, 39 e 43 e as persoas autoras das obras premiadas deberán:

a) Acreditar, previamente á concesión e pagamento das axudas previstas para a participación na fase final e para os premios, que están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Reintegrar, total ou parcialmente, o importe da axuda da fase final e do premio no suposto de incumprimento dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión e das demais obrigas contidas nesta orde, na Lei 9/2007 ou na restante normativa que sexa de aplicación. Para a efectividade da devolución, tramitarase o correspondente procedemento de reintegro segundo o previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

d) Cumprir os requisitos e obrigas recollidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 3 de xuño, e coas restantes obrigas contidas nesta orde e demais normativa aplicable.

3. As persoas con obras premiadas, ademais das obrigas establecidas nos números 1 e 2, deberán:

a) Colaborar nas accións de difusión que se organicen así como a autorización de edición e reprodución a favor da Consellería de Política Social e Xuventude para a súa publicidade, difusión e divulgación a través do portal web da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, da Consellería de Política Social e Xuventude (<http://xuventude.xunta.es>), redes sociais e demais medios de difusión da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Conservar os orixinais das obras premiadas e poñelos a disposición da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, para a súa exhibición ou difusión por calquera medio ata o 31 de decembro do ano natural seguinte ao da concesión do premio.

c) No caso de que a obra premiada sexa obxecto de posterior exhibición ou difusión deberá indicarse de forma expresa e visible a súa condición de premiada neste programa.

Artigo 19. Publicación dos actos

Os actos administrativos deste procedemento publicaranse no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, serán publicadas a relación de persoas con obras premiadas de cada especialidade con carácter complementario, na páxina web: <http://xuventude.xunta.es>

Artigo 20. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

CAPÍTULO II

Parte específica

Sección 1ª. Artes plásticas

Artigo 21. Condicións xerais

1. Establécense as seguintes modalidades: pintura e escultura.
2. As obras serán orixinais e o tema e as técnicas serán libres.
3. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán:

Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, ficha técnica da obra na que se indicará o título, o pseudónimo o ano de realización, a técnica empregada, as dimensións reais, así como o seu peso (isto último só no caso da escultura). No caso de obras escultóricas, as fotografías deberán presentarse desde diferentes perspectivas para que se poida realizar a valoración adecuada destas. As obras orixinais serán requiridas ás persoas participantes, só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición ou previamente para a avaliación pola comisión de selección, e sexa necesario velas co fin de outorgar os premios.

No caso de escultura o peso máximo da obra non poderá superar os 50 Kg.

No caso de presentación presencial, tanto a obra como a documentación chegarase en memoria USB.

4. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alio a súa vontade que se produza nas obras.

Artigo 22. Desenvolvemento da fase final

1. A fase final consistirá nunha exposición integrada polas obras seleccionadas que acaden a maior calidade artística, que se exhibirán no lugar e data que determine a Dirección Xeral competente en materia de xuventude.
2. A Dirección Xeral competente en materia de xuventude porase en contacto coas persoas autoras das obras seleccionadas para esta fase final co fin de establecer as mellores condicións de entrega e recollida das ditas obras en cada caso; así mesmo comunicaralles o lugar e a data na que terá lugar a exposición, todo isto sen prexuízo do disposto no número 5.
3. As persoas cuxas obras sexan seleccionadas para a fase final presentarán as súas obras en perfecto estado e cos elementos necesarios para realizar a montaxe. Cando a súa complexidade o requira serán elas mesmas as que se encarguen da montaxe.
4. As obras seleccionadas para a fase final serán enviadas empregando unha embalaxe cun material ríxido e suficientemente sólido que asegure a súa integridade.

As pinturas deberán levar marco ou bastidor.

Sección 2ª. Arte urbana

Artigo 23. Condicións xerais

1. As obras serán orixinais, inéditas e, de ter texto, este estará en galego.
2. O tema e a técnica serán libres.
3. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán:
 - a) A obra en formato dixital en tamaño páxina A3 (realizado a man e presentado a cor) indicando título da obra e o pseudónimo.
 - b) Fotografías dos traballos realizados máis recentemente pola persoa solicitante (ou enderezo da Internet onde se poidan ver os traballos).

No caso de entrega presencial, tanto a obra como a documentación achegaranse en memoria USB.

4. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras.

Artigo 24. Desenvolvemento da fase final

1. Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 8 obras. A persoa autora das ditas obras será requirida para realizar un mural de aproximadamente 4 m x 2 m (en posición horizontal) no lugar e na data que determine a Dirección Xeral competente en materia de xuventude.

Para o financiamento dos gastos de material necesarios para o desenvolvemento da fase final desta especialidade, a Consellería de Política Social e Xuventude destinará un crédito por un importe máximo de 300 € por participante.

2. A comisión de selección poderá valorar a descualificación da persoa finalista pola realización da obra fóra dos espazos e horarios asignados pola organización.

Sección 3ª. Banda deseñada

Artigo 25. Condicións xerais

1. As obras serán orixinais e inéditas.
2. A temática será libre, con textos en galego.
3. A técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor.
4. A obra presentarse en formato dixital (tamaño de páxina A4 ou A3) e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas.

No caso de entrega presencial, tanto a obra como a documentación achegaranse en memoria USB.

5. Cada obra deberá levar pseudónimo e título.
6. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras.

Sección 4ª. Cociña

Artigo 26. Condicións xerais

1. As obras (receitas) poderán realizarse de xeito individual ou en parella.

2. Só se admitirá unha receita por participante, sexa individual ou en parella.

3. A receita presentada por cada participante, ben de xeito individual ou ben en parella, poderá consistir na elaboración dun prato salgado ou doce. A base da receita será a utilización de produtos avalados polas diferentes denominacións de orixe de Galicia ou ben pola Federación de Prazas de Abastos de Galicia.

4. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán:

a) A receita terá que incluír: o título, o pseudónimo, a relación de ingredientes –avalados, prioritariamente, por algunha das denominacións de orixe de Galicia e o proceso de elaboración.

b) Unha ou varias fotografías en cor do prato que resulte da receita presentada.

No caso de entrega presencial, tanto a obra como a documentación achegaranse en memoria USB.

5. O tempo de elaboración da receita será para todas as persoas participantes de 2 horas.

Artigo 27. Desenvolvemento da fase final

1. Para a fase final poderán seleccionarse ata un máximo de 8 participantes (individuais ou en parella) que deberán confeccionar a receita proposta e emplatala en 5 pratos individuais para que a Comisión de selección proceda á súa valoración.

O evento desenvolverase no lugar e na data indicados pola Dirección Xeral competente en materia de xuventude e o tempo do que dispoñen para a elaboración da receita será para todas as persoas participantes de 2 horas.

2. Para o financiamento dos gastos de material necesarios para o desenvolvemento da fase final desta especialidade a Consellería de Política Social e Xuventude destinará un crédito por un importe máximo de 75 € por participante (individual ou parella).

3. As persoas participantes levarán a súa propia vaixela e enxoval, agás a cociña, que será proporcionada pola organización e previamente solicitaráselles a presentación dunha listaxe de necesidades técnicas para realizar os pratos.

Sección 5ª. Creación de videoxogos

Artigo 28. Condicións xerais

1. As obras poderán ser individuais ou en grupo.

Admitirase que ata un 25% das persoas compoñentes do grupo supere os 30 anos.

2. Ningunha persoa participante poderá formar parte de máis dun grupo.

3. As obras consistirán nun prototipo funcional ou xogo completo co aspecto e calidade final. Serán orixinais, inéditas e os textos e audible en galego, agás a banda sonora que poderá estar en calquera lingua.

4. A temática será libre.

5. Os videoxogos deberán dispoñer, como mínimo, de versións para Windows ou Mac OS.

6. Os videoxogos deberán ser manexables con teclado e rato.

7. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán, en memoria USB:

a) Ficha técnica na que se inclúa o título, o ano de realización, a plataforma de execución, as instrucións de instalación e funcionamento e requisitos mínimos para o seu correcto manexo.

b) O videoxogo, co título e o pseudónimo da persoa ou grupo de persoas autoras, xunto co seu gameplay.

En todo caso a gravación deberá estar feita a velocidade real para que a súa duración corresponda dende o inicio ata a finalización do videoxogo e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe como de son, para a súa correcta visión, xa que en caso contrario a obra será rexeitada.

Nesta especialidade, a documentación poderá achegarse de xeito presencial debido ao tamaño e aos formatos da obra.

Artigo 29. Desenvolvemento da fase final

1. Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 6 obras; as persoas autoras destas serán convocadas para unha exhibición en directo na data, horario e lugar que determine a Dirección Xeral competente en materia de xuventude.

2. As persoas autoras (individuais ou grupos) destas obras deberán acudir á exhibición cunha copia de seguridade do videoxogo.

Sección 6ª. Danza moderna

Artigo 30. Condicións xerais

1. Inclúense nesta especialidade as obras de danza contemporánea, danza urbana, jazz-lírico e danza experimental.

2. As obras poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso cun mínimo de 2 e máximo de 30 integrantes.

3. Ningunha persoa participante poderá formar parte de máis dun grupo.

4. A duración da actuación non pode superar os cinco (5) minutos.

5. A coreografía debe ser inédita.

6. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán, en memoria USB:

a) Unha gravación que recolla a actuación. A obra poderá ser producida en calquera formato de vídeo (preferentemente formato AVI ou MPEG) e figurará o título e o pseudónimo da persoa autora.

En todo caso a gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, non ter sido editada e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para a súa correcta visión.

b) Música da coreografía.

c) Ficha técnica na que se detalle o título da obra, a duración, a persoa coreógrafa, a música e o atrezzo da coreografía.

d) No caso de que as persoas participantes presenten unha obra acompañada de música orixinal, ficha técnica na que se detalle: o nome da persoa compositora; a relación nominal dos/das músicos/cas intérpretes con indicación dos instrumentos que tocan; especificación de se a música foi composta especialmente para a coreografía presentada e, por tanto, é orixinal; e indicación se para o caso de ser seleccionada para a fase final, a música será gravada ou interpretada en directo.

e) Autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación, se é o caso, na fase final da especialidade.

Nesta especialidade, a documentación poderá achegarse de xeito presencial debido aos formatos da obra.

Artigo 31. Desenvolvemento da fase final

1. Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 8 obras que serán as que se representen en directo no día, lugar e hora que determine a Dirección Xeral competente en materia de xuventude.
2. As persoas seleccionadas (individuais ou grupos) para esta actuación final deberán acudir cunha copia de seguridade da montaxe musical, en memoria USB, que debe conter só a montaxe musical da actuación.
3. Para as actuacións da fase final as persoas seleccionadas levarán, se é necesario, os seus propios instrumentos e atrezo.
4. O equipo técnico de son e luces proporcionará a organización en coordinación coas persoas finalistas e será manexado polo persoal técnico da organización.
5. A Dirección Xeral competente en materia de xuventude resérvase a posibilidade de utilizar un fragmento da obra de ata un máximo de tres minutos, para a súa posible difusión nas redes sociais e medios de comunicación, nos termos recollidos no artigo 17.

Sección 7ª. Deseño de xoias

Artigo 32. Condicións xerais

1. A colección, que poderá ser tanto para home como para muller, debe ser orixinal e estará composta por 3 xoias. O remate das pezas debe traballarse en metal con pezas de xoiería, excluindo a utilización de fornitureas compradas.
2. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán:
 - a) Fotografías de cada unha das 3 xoias, tomadas desde ángulos diferentes e sobre unha base branca.
 - b) Unha memoria que conteña: a ficha técnica da colección, indicando título da obra e o pseudónimo, a información do proceso de elaboración, os materiais empregados e calquera outro dato anónimo que sexa de interese para a súa comprensión e valoración.

No caso de entrega presencial, tanto a obra como a documentación achegaranse en memoria USB.

3. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alio á súa vontade que se produza nas obras.

Artigo 33. Desenvolvemento da fase final

Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 6 participantes que exhibirán as súas coleccións no lugar e data que determine a Dirección Xeral competente en materia de xuventude.

Para o financiamento dos gastos de material necesarios para o desenvolvemento da fase final desta especialidade a Consellería de Política Social e Xuventude destinará un crédito por un importe máximo de 75 € por participante.

Sección 8ª. Fotografía

Artigo 34. Condicións xerais

1. As obras serán orixinais e o tema e as técnicas serán libres.
2. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán:
 - a) Unha ou varias fotografías, ata un máximo de 6, en cor ou en branco e negro da obra presentada.

b) Ficha técnica da obra na que se indicará o título, pseudónimo, o ano de realización, a técnica empregada e as dimensións reais.

No caso de entrega presencial, tanto a obra como a documentación achegaranse en memoria USB.

3. As obras orixinais serán requiridas ás persoas participantes, só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición establecida no seguinte artigo ou previamente para a avaliación pola comisión de selección, se esta o estima necesario.

4. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras.

Artigo 35. Desenvolvemento da fase final

1. A fase final consistirá nunha exposición integrada polas obras seleccionadas, que se exhibirán no lugar e data que determine a Dirección Xeral competente en materia de xuventude.

2. A Dirección Xeral competente en materia de xuventude porase en contacto coas persoas autoras das obras seleccionadas para a exposición, co fin de establecer as mellores condicións de entrega e recollida en cada caso e ademais comunicará o lugar e a data na que terá lugar o evento, todo isto sen prexuízo do disposto no número 5 deste artigo.

3. As persoas seleccionadas para a exposición presentarán as súas obras en perfecto estado e cos elementos necesarios para realizar a montaxe. Cando a súa complexidade o requira, a montaxe farase pola persoa autora.

4. As obras seleccionadas para a exposición serán enviadas empregando unha embalaxe cun material ríxido e suficientemente sólido que asegure a súa integridade.

Sección 9ª. Moda

Artigo 36. Condicións xerais

1. As coleccións deben ser orixinais.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán:

a) Unha colección coherente de 5 modelos de home ou muller, presentada en láminas de formato A3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas. Terán que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados.

b) Ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección, indicando título da obra e o pseudónimo.

Nesta especialidade, a documentación poderá achegarse de xeito presencial debido aos formatos da obra.

3. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produza nas obras.

Artigo 37. Desenvolvemento da fase final

Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 8 participantes que exhibirán as súas coleccións no lugar e data que determine a Dirección Xeral competente en materia de xuventude.

Para o financiamento dos gastos de material necesarios para o desenvolvemento da fase final desta especialidade, a Consellería de Política Social e Xuventude destinará un crédito por un importe máximo de 500€ por participante.

Sección 10ª. Música

Artigo 38. Condicións xerais

1. Poderán concorrer solistas e grupos de pop, folk, rock, hip-hop e demais variedades de música contemporánea, así como solistas e grupos de música clásica que serán os que poidan optar, ademais, ao premio especial de 1.000 euros establecido no artigo 3.

Admitirase que ata un 25% das persoas compoñentes do grupo supere os 30 anos. Tamén poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical coas persoas participantes que se presenten como solistas.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán, preferiblemente nun mesmo soporte:

a) Maqueta en memoria USB debidamente identificada co pseudónimo e título e gravada polas persoas compoñentes inscritas, con dous temas, que serán os que avaliará a comisión de selección e unha duración máxima de dez minutos. Un dos temas deberá ser en galego, agás que se trate de pezas instrumentais.

b) Ficha técnica na que se detalle o título, a duración e o pseudónimo da persoa autora dos temas presentados, seguindo a orde presentada na gravación.

c) Fotografía recente do grupo ou solista.

d) Declaración responsable acreditativa de que o grupo ou solista dispoñen dun repertorio dun mínimo de 30 minutos.

e) Letras, se as houbera, dos temas incluídos na maqueta, debidamente mecanografadas.

f) Autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación, se é o caso, na fase final da especialidade.

A Dirección Xeral competente en materia de xuventude resérvase a posibilidade de utilizar un fragmento da obra de ata un máximo de tres minutos, para a súa posible difusión nas redes sociais e medios de comunicación, nos termos recollidos no artigo 17.

Nesta especialidade, a documentación poderá achegarse de xeito presencial debido aos formatos da obra.

3. Os temas serán de creación propia e nunca antes editados comercialmente, agás na modalidade de música clásica.

4. A obra gañadora do primeiro premio poderá ser proposta para participar en festivais de música de Galicia cos que colabore a Dirección Xeral competente en materia de xuventude así como en eventos de similar natureza.

Artigo 39. Desenvolvemento da fase final

1. Para a fase final poderán seleccionarse ata un máximo de 8 participantes (solistas ou grupos) de calquera modalidade, que presentarán publicamente os seus dous temas no lugar e data que determine a Dirección xeral competente en materia de xuventude.

Para o financiamento dos gastos da actuación necesarios para o desenvolvemento da fase final desta especialidade, a Consellería de Política Social e Xuventude destinará un crédito por un importe máximo de 500 € no caso de grupos ou de 300 € no caso de solistas.

2. Para as actuacións da fase final as persoas participantes levarán os seus propios instrumentos, agás a batería, que será proporcionada pola organización.

3. O equipo técnico de son e luces proporcionará a organización en coordinación coas persoas finalistas e será manexado polo persoal técnico da organización.

Sección 11ª. Novela curta

Artigo 40. Condicións xerais

1. A obra será orixinal, inédita e en galego.

2. O tema será libre.

3. A obra realizarase a ordenador, indicando título da obra e o pseudónimo, en tamaño 12, tipografía Arial e a dobre espazo. Terá unha extensión mínima de 80 páxinas e máxima de 200 e as follas estarán numeradas.

No caso de presentación presencial, tanto a obra como a documentación achegarase en memoria USB.

4. A obra gañadora do primeiro premio poderá ser obxecto de edición e publicación, asumindo a Dirección Xeral competente en materia de xuventude os custos da primeira edición, de ser o caso.

Sección 12ª. Poesía

Artigo 41. Condicións xerais

1. A obra será orixinal, inédita e en galego.

2. O tema e a técnica serán libres.

3. A obra realizarase a ordenador, indicando título da obra e o pseudónimo, en tamaño 12, tipografía Arial e a dobre espazo. Terá unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100 e as follas estarán numeradas.

No caso de entrega presencial, tanto a obra como a documentación achegaranse en memoria USB.

Sección 13ª. Teatro

Artigo 42. Condicións xerais

1. Poderán concorrer persoas individualmente ou grupos teatrais, non profesionais, compostos por persoas galegas ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2023. Admitirase que ata un 25% das persoas compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teñan entre 14 e menos de 16 anos.

En calquera caso, tanto as persoas integrantes da dirección como as do equipo técnico non se verán afectados polo disposto no artigo 5.1.

2. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, os grupos participantes presentarán, preferentemente nun mesmo soporte (memoria USB):

a) Unha síntese da obra: título, pseudónimo da persoa autora e adaptación dos diálogos, de ser o caso e da posta en escena: número de personaxes, tipo de decorado, vestiario, espazo que se precisa.

b) Unha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2023.

En todo caso a gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para a súa correcta visión.

Nesta especialidade, a documentación poderá achegarse de xeito presencial debido ao tamaño e aos formatos da obra.

3. As representacións serán en lingua galega.

4. As obras poderán ser de autoría galega, española ou estranxeira.

5. Poderán presentarse obras orixinais.

6. A duración da representación de cada obra non poderá ser inferior a trinta minutos nin exceder dunha hora e trinta minutos.

7. A Dirección Xeral competente en materia de xuventude poderá ofrecer ás persoas ou grupos das obras gañadoras a posibilidade de entrar na selección dun programa de formación e mentorizaxe para poñer en marcha unha compañía teatral. Este novo programa contará co apoio do departamento competente en material de emprendemento e de cultura.

Artigo 43. Desenvolvemento da fase final

Para a fase final poderán ser seleccionados ata un máximo de 6 grupos que serán os que representen as obras ante a Comisión de Selección, no lugar e na data que determine a Dirección xeral competente en materia de xuventude.

Para o financiamento dos gastos de actuación necesarios para o desenvolvemento da fase final desta especialidade a Consellería de Política Social e Xuventude destinará un crédito por un importe máximo de 600 € por grupo. Nesta fase final a montaxe da escenografía de cada grupo non poderá exceder de dúas horas.

Sección 14ª. Videocreación

Artigo 44. Condicións xerais

1. As obras poderán ser individuais ou en grupo e serán orixinais, inéditas e en galego.

2. O tema será libre, mais deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental. Enténdese por experimental a obra que se sitúa fóra dos códigos convencionais, que aposta por fórmulas audiovisuais onde se dá prioridade á subxectividade.

3. Xunto coa documentación indicada no artigo 8, as persoas participantes presentarán unha memoria USB coa obra e ficha técnica na que se inclúa o título e pseudónimo, un breve argumento, a data e o lugar de realización, unha fotografía da videocreación e datos técnicos e artísticos de interese.

4. As obras poderán ser producidas en calquera formato de vídeo.

En todo caso a gravación deberá estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe como de son, para a súa correcta visión, xa que en caso contrario a obra será rexeitada.

Nesta especialidade, a documentación poderá achegarse de xeito presencial debido ao tamaño e aos formatos da obra.

5. A duración de cada obra será dun mínimo de 2 minutos e un máximo de 8 minutos.

6. A realización das obras debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2023.

7. A Consellería de Política Social e Xuventude resérvase o dereito a solicitar ás persoas participantes unha copia en formato orixinal para a súa proxección pública. Así mesmo, resérvase a posibilidade de utilizar un fragmento da obra de ata un máximo de tres minutos para a súa posible difusión nas redes sociais e nos medios de comunicación, nos termos recollidos no artigo 17.

8. A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alieo á súa vontade que se produza nas obras.

Disposición adicional. Base de datos nacional de subvencións.

A Consellería de Política Social e Xuventude transmitirá á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira primeira. Delegación da competencias

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude para ditar as oportunas resolucións no ámbito desta orde.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento da orde

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para ditar, no ámbito das súas competencias, os actos e instrucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2023

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e Xuventude



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
XUVENTUDE CREA	BS310Q	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO 1

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

ESPECIALIDADE NA QUE PARTICIPA

☐ Artes plásticas

☐ Creación de videoxogos

☐ Moda

☐ Teatro

☐ Arte urbana

☐ Danza moderna

☐ Música

☐ Videocreación

☐ Banda deseñada

☐ Deseño de xoias

☐ Novela curta

☐ Cocíña

☐ Fotografía

☐ Poesía

MODALIDADE (sinalar cunha cruz só no caso de solicitar a especialidade de artes plásticas)

☐ Pintura

☐ Escultura

MODALIDADE (sinalar cunha cruz só no caso de solicitar a especialidade de música)

☐ Contemporánea

☐ Clásica



PSEUDÓNIMO CO QUE SE PRESENTA (campo obrigatorio)

(Non poñer o nome, non debe dar lugar ao recoñecemento do nome real.)

GRUPO

☐ NON ☐ SI

NOME E APELIDOS DAS PERSOAS INTEGRANTES DO GRUPO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

TÍTULO DA OBRA OU COLECCIÓN COA QUE PARTICIPA



ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa vinculada á especialidade concreta na que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que non está dado/a de alta como autónomo/a nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

7. Que a obra non foi premiada en ningún outro certame ou concurso no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, e que é inédita no caso das especialidades de arte urbana, banda deseñada, danza moderna, fotografía, novela curta, poesía e videocreación.

8. Que a obra non foi expuesta nin publicada, en papel ou dixital.

9. Que a obra non foi presentada en anteriores edicións deste programa.

10. Que a obra non foi beneficiaria de axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización.

11. Que a obra non contén contidos xenófobos ou de calquera outro tipo que atente contra a dignidade das persoas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

Documentación común

- ☐ Autorización do/da pai/nai ou titor/a legal para participar nesta convocatoria, así como para calquera cuestión con ela relacionada, no caso de que a persoa participante, xa sexa a título individual ou colectivo, sexa menor de idade

Documentación específica para grupos informais

- ☐ Anexo II. Declaración/comprobación de datos (un anexo por cada persoa membro do grupo excepto a persoa representante que declara no anexo I)

- ☐ Anexo III. Composición e poder de representación para grupos informais, no cal constará a relación de persoas que compoñen o grupo e o poder de representación para unha das persoas integrantes

Documentación específica para asociacións privadas sen ánimo de lucro

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da persoa que, no nome e representación da entidade, asina a solicitude, mediante a correspondente documentación de apoderamento, resolución, mandato, certificado expedido polo secretario ou secretaria, ou acta, onde se determine dita representación			

Documentación específica para cada especialidade

ARTES PLÁSTICAS

- ☐ Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada

- ☐ Ficha técnica

- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

ARTE URBANA

- ☐ Obra en formato dixital en DIN-A3 (realizado a man e presentado a cor)
- ☐ Fotografías dos traballos realizados máis recentemente (ou enderezo da internet onde se poidan ver os mesmos)
- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB

BANDA DESEÑADA

- ☐ Obra en formato dixital en DIN A-4 ou DIN A-3
- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB

COCIÑA

- ☐ Receita do prato presentado
- ☐ Unha ou varias fotografías en cor do prato presentado
- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB

CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

- ☐ Memoria USB que conteña a ficha técnica e o videoxogo

DANZA MODERNA

- ☐ Memoria USB que recolla a actuación presentada ao concurso, música da coreografía, ficha técnica na que se detalle o título da obra, a duración, a persoa coreógrafa, a música e o atrezo da coreografía, ficha técnica da música orixinal que acompañe ao proxecto e a autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación, se é o caso, na fase final da especialidade

DESEÑO DE XOIAS

- ☐ Unha fotografía de cada unha das tres xoias que poderán ser tanto para home como para muller
- ☐ Unha memoria que conteña: a ficha técnica da colección, a información do proceso de elaboración, os materiais empregados e calquera outro dato anónimo que sexa de interese para a súa comprensión e valoración
- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB

FOTOGRAFÍA

- ☐ Unha ou varias fotografías, ata un máximo de seis, en cor ou branco e negro
- ☐ Ficha técnica da obra
- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB

MODA

- ☐ Unha colección coherente de cinco modelos de home ou muller
- ☐ Ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección

MÚSICA

- ☐ Memoria USB que conteña: maqueta, ficha técnica, fotografía recente do grupo ou solista, declaración responsable acreditativa de que o grupo ou solista dispoñen dun repertorio dun mínimo de 30 minutos, letras, se as houber, dos temas incluídos na maqueta, debidamente mecanografiadas e autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación, se é o caso, na fase final da especialidade

NOVELA CURTA

- ☐ Obra a ordenador, en tamaño 12, tipografía arial e a dobre espazo
- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB

POESÍA

- ☐ Obra a ordenador, en tamaño 12, tipografía arial e a dobre espazo
- ☐ No caso de presentación presencial, obra e documentación achegaranse en memoria USB



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

TEATRO

- ☐ Memoria USB cunha síntese da obra e unha representación da obra presentada a concurso, ou dun ensaio xeral, feita con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2023

VIDEOCREACIÓN

- ☐ Memoria USB da obra e ficha técnica

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Datos de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante	☐
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día do pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



LEXISLACIÓN APLICABLE

- o ORDE do __ de _____ de ____ pola que se establecen as bases que rexen os premios do programa Xuventude Crea e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS310Q).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

BS310Q - XUVENTUDE CREA

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por unha das persoas proxenitoras, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na epígrafe correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	REPRESENTANTE		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNOME Á CONSULTA	
		☐			DNI/NIE da persoa integrante do grupo DNI/NIE da persoa representante Datos de residencia con data de última variación padroal da persoa integrante do grupo Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social da persoa integrante do grupo Certificado de estar ao día do pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma da persoa integrante do grupo	☐ ☐ ☐ ☐ ☐	
					CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
					NIF da entidade integrante do grupo Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa AEAT da persoa integrante do grupo	☐ SI ☐ NON ☐ SI ☐ NON	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data

 , de de



COMPOSICIÓN E PODER DE REPRESENTACIÓN PARA OS GRUPOS INFORMAIS

BS310Q - XUVENTUDE CREA

As persoas abaixo asinantes, como integrantes do grupo informal

autorizan a:

con NIF nº

para poder actuar en representación do citado grupo no programa Xuventude Crea, na especialidade de

RELACIÓN DE PERSOAS INTEGRANTES DO GRUPO INFORMAL

Incluir a persoa representante, para a que non será necesaria a sinatura.

Inserir tantas filas como sexa preciso.

NOME E APELIDOS	NIF	IDADE	SINATURA DA PERSOA AUTORIZADA	INSTRUMENTO ¹ /FUNCIÓN ²

¹ Só para a especialidade de música

² Só para a especialidade de teatro

Lugar e data